



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL**  
**27.12.2018**

**LUGAR:** Sala de Lectura do Edificio Politécnico - Campus de Ourense

**DATA:** 27.12.2018

**HORA DE COMEZO:** 12:05

**HORA DE REMATE:** 13:50

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Ernesto Pedrosa Silva  
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
D. Miguel Ángel Michinel Álvarez  
D<sup>a</sup> Raquel María Souto García  
D. José María Martín Moreno  
D. Xoán Cebro Rodríguez  
D. Óscar Moldes Pita  
D. Xosé Manuel Atanes Limia  
D. Francisco Javier Casares Mouriño  
D<sup>a</sup> Mercedes Castro Mouzo  
D. Jesús Graña Nogueiras  
D<sup>a</sup> María Elvira Larriba Leira  
D<sup>a</sup> Natalia Zunzunegui Garrido  
D. Daniel Barata Quintas  
D. Cesar Blanco Gómez  
D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno  
D. Francisco Gustavo Izquierdo Martínez  
D<sup>a</sup>. Ana Isabel Vázquez Reboredo  
D<sup>a</sup> María Elena Añel Cabanelas  
D. Emilio Fernández Zunzunegui  
D. Manuel González Piñeiro  
D. Jorge Cebreiros Arce  
D. Javier Garrido Valenzuela  
D. Juan Manuel Piñeiro Rivas  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Yolanda López Fernández  
D. José María Franco García  
D. Antonio Macho Senra

**ESCUSAN ASISTENCIA**

D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> do Carmen Fouces Díaz

**SECRETARIO**

D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O xoves, 27 de decembro de 2018, ás 12:05 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

- 1.** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.11.2018).
- 2.** Informe do presidente.
- 3.** Informe do Reitor.

*Propostas ao Pleno, acordos e informes da Comisión Económica (reunión do 11 de decembro de 2018)*

- 4.** Informe sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2019, consonte o disposto no Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril.
- 5.** Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da UVigo para o exercicio 2019.
- 6.** Petición de informe xurídico sobre a legalidade do abono de complementos específicos nas pagas extras do PDI, correspondentes aos exercicios 2007, 2008 e 2009.
- 7.** Aprobación, se procede, da aceptación da doazón do pintor Alejandro Cabeza á UVigo do cadro "Retrato de Ramón María del Valle-Inclán".
- 8.** Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de equipos de investigación de Endesa, S.L. á UVigo.
- 9.** Ratificación, se procede, da proposta de elección dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa sobre procedementos e sistemas.
- 10.** Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro.
- 11.** Informe previo que proceda para a creación da empresa "Ancora" como EBT da UVigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables se fose o caso.
- 12.** Informe previo que proceda para a creación da empresa "EM3W" como EBT da UVigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables se fose o caso.
- 13.** Acordo que proceda sobre a proposta de modificación do capital social e da correspondente participación da UVigo na EBT "Alen Space".
- 14.** Información sobre a Oferta de emprego público do PAS da UVigo para o ano 2018.
- 15.** Asignación de complementos retributivos adicionais a profesores por cargos de xestión e por recoñecemento da excelencia curricular. (Convocatoria 2017). Rectificación e resolución da ACSUG.
- 16.** Orzamento do Consello Social para o exercicio 2019.
- 17.** Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo CS en 2019.
- 18.** Rogos e preguntas.

---

*Abre a sesión don Ernesto Pedrosa agradecendo aos presentes a alta asistencia, que mesmo cualifica de "extraordinaria". Asiste invitado don Rodrigo Cerviño, director de Administración da UVigo, presenza que así mesmo agradece o presidente. Tamén agradece á vicerreitora dona Esther de Blas a agarimosa acollida no Campus de Ourense. Os presentes reciben a publicación impresa da Memoria do Consello Social correspondente a 2017, e como agasallos unha axenda e a reprodución numerada dunha obra pictórica firmada por Isabell Seidel e recollida nunha edición limitada para o Consello Social.*



### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (30.11.2018).*

- **Apróbase por asentimento**

### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

(Na documentación deste punto, os membros reciben un resumo desagregado das axudas concedidas polo Consello Social en 2018, e unha comparativa cos anos anteriores. Igualmente achegóuselles a relación pormenorizada de asistencias e ausencias ás convocatorias de 2018).

Don Ernesto Pedrosa subliña durante a súa intervención que o documento que se presenta -cas primeiras contas do goberno de don Manuel Reigosa- reflicte que a UVigo traballa con sentido colectivo e conectada ca sociedade e os seus afáns, interesada no entorno empresarial e na internacionalización. E engade que "tamén nos indica que segue pola senda da prudencia na Xestión económica, con capacidade e espírito para relacionarse, flexibilidade e firmeza para evolucionar e certezas e mapas para o camiño". Destaca tamén -máis alá dos números históricos que presenta o orzamento- a importancia da sensibilidade que destila, por exemplo co persoal, cos maiores, cos alumnos ou co rural.

Aborda de seguido os obxectivos do Consello Social para 2019, expoñendo distintas liñas, obxectivos e iniciativas a desenvolver, "con unha estratexia que pasa por verticalizar accións nos asuntos nos que Vigo é xa unha referencia no marco dos Consellos Sociais españoles, ademais de intervir nas áreas nas que a universidade admita máis axuda". Como actividades concretas de especial relevancia sinala seguir a desenvolver o mecenado activo e unha decidida campaña que faga visible, útil e proveitosa, ante a sociedade e as empresas, a investigación que se está a facer na universidade.

Finalmente informa o presidente do escrito presentado polos conselleiros don Xosé M. Atanes e dona Elena Añel (que debidamente asinado será remitido aos conselleiros) no que solicitan a inclusión dun punto na orde do día para tratar sobre a solicitude de creación dunha universidade privada en Galicia. Considerando a transcendencia e o impacto para a educación superior en Galicia, e tendo en conta que non existe unha urxencia extrema dados os prazos que se están a barallar, don Ernesto Pedrosa entende como necesario adiar o debate ata solicitar máis elementos de xuízo, dispoñer de maior información e ter máis marxe de preparación. Propón empezar por compartir co Pleno a pretensión dos devanditos conselleiros, a fin de abrir un período de reflexión individual e facilitar as consultas que se estimen oportunas en cada caso, e que por parte do Consello Social levarán a explorar tamén a posición dos Consellos Sociais de Galicia.

### **PUNTO 3**

*Informe do Reitor.*

Don Manuel Reigosa agradece a presentación de don Ernesto Pedrosa e informa do lanzamento efectuado onte dun novo satélite (o Lume 1, que monitoriza os incendios en tempo real) que ven a consolidar o "éxito" da Agrupación Aeroespacial da UVigo que comanda don Fernando Aguado. Anuncia que se seguirá a traballar para tirarlle máis partido, ata convertelo nunha marca que poida competir con empresas de todo o mundo para desenvolver negocios no espazo. De seguido informa da primeira visita da conselleira de Educación, Universidade e FP para coñecer a investigación de excelencia que realizan os centros singulares e as agrupacións estratéxicas da UVigo. O percorrido principiou polo CACTI, o Centro de investigacións biomédicas (CINBIO), a Estación de ciencias mariñas de Toralla (Ecimat), o Centro de investigación tecnolóxica industrial (MTI) e a Agrupación estratéxica consolidada AtlanTTIC. Tamén cita os contactos que se están a producir sobre o proxecto do Campus do Mar na ETEA, para que o edificio se poida reformar e inaugurar o antes posible ca axuda da Consellería.



Finalmente anuncia que a conselleira visitará tamén Ourense para coñecer o potente agrupamento existente no ámbito agro-alimentario e que acada nivel internacional, constituíndo a única agrupación estratéxica de investigación recoñecida nun Campus non central do Sistema universitario galego.

#### **PUNTO 4**

*Informe sobre o teito de gasto anual da UVigo para o exercicio orzamentario de 2019, consonte o disposto no Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril.*

Toma a palabra o presidente da Comisión Económica, don Daniel Barata, para agradecer a presenza do pleno do Consello Social en Ourense e introducir os asuntos tratados na comisión, facendo especial referencia á incidencia que teñen as datas nos temas da súa competencia, como é o caso da maioría dos temas que se elevan a pleno. Da paso a don Rodrigo Cerviño, quen explica a metodoloxía seguida para propoñer o teito de gasto máis alto na historia da UVigo, que ascende a 191.757.129 €.

- **O Pleno dá a súa conformidade**

#### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da UVigo para o exercicio 2019.*

O vicerreitor de Economía, don José M<sup>a</sup>.M. Moreno apunta as liñas xerais do orzamento máis alto na historia da UVigo, principiando por expoñer o marco normativo no que se desenvolven, a evolución do financiamento do SUG no período 2016-2020 e a distribución das achegas entre as tres universidades, e a evolución económico-financeira da UVigo. Reafirmase no superávit orzamentario que se ven mantendo como obxectivo dende 2012, o que ten moita relación coa captación de recursos en fontes non tradicionais, e resalta tamén no seu resumo o cumprimento dos prazos para facer fronte aos pagamentos.

Repasa as cifras máis significativas do orzamento de ingresos, que medran respecto a 2018 en case dez millóns de euros, o que representa unha suba do 5,79 %, debido á contribución do programa Horizonte 2020 da UE que achega novos fondos para financiar maiores proxectos de investigación, e ao "gran éxito" da convocatoria de infraestruturas de investigación. E salienta os puntos destacados do orzamento de gastos, con mención destacada á suba do gasto en Persoal (que aumenta un 6,3 %, e que se xustifica pola subida salarial dos funcionarios e polo cumprimento de varias promesas electorais como o abono de complementos específicos de pagas extra ao PDI, a redución de horas docentes e varias ofertas de emprego público). Remata manifestando que a posición da UVigo orzamentariamente é un activo moi importante, e que o orzamento que se presenta ten como obxectivo manter o equilibrio orzamentario con un pequeno superávit.

O gasto en Persoal centra o interese dos membros que interveñen neste punto para opinar nunha quenda que abre dona Mercedes Castro para interesarse polo incremento do capítulo I. O Reitor expón que a UVigo é entre as galegas a que menos dedica a persoal e declara a intención de contribuir a que medre o incremento da masa salarial, "con todas as cautelas necesarias" e negociando ano a ano, ao longo do mandato: "o capital humano é fundamental", declara o Reitor, para afirmar que a posición da UVigo na negociación coa Xunta de Galicia "é boa gracias aos anteriores equipos de goberno", e que os orzamentos que se presentan "son cribles, sólidos e positivos, e teñen o noso apoio".

Pide a palabra don Xan Cebro para cualificar de nefastos os orzamentos negociados por equipos anteriores no que incumbe á masa salarial. Aporta datos comparados das tres universidades galegas sobre estudantes, PDI e PAS, para concluír que a situación da UVigo "é mala", e que os docentes que marcan a calidade colocan á UVigo nos últimos postos de España. Pide que, antes de que se elaboren os próximos orzamentos, se faga un estudo de persoal á altura das outras universidades galegas "para dar servizo á cidadanía". Finalmente demanda do equipo de goberno que



pense nas persoas e en como está a UVigo en PDI "e sobre todo" en PAS, e que negocie ca Xunta con datos reais.

O Reitor resposta que recolle a luva, e subliña a importancia de recuperar os cadros de persoal para dar os servizos axeitados, pero pide comprensión cos prazos. Afirmo que durante o mandato "esperamos achegarnos a uns cocientes axeitados", e proclama a intención de negociar con Facenda "o mellor posible", respectando sempre o equilibrio orzamentario. Neste punto incide o vicerreitor de Economía na importancia do capital humano.

Don Javier Garrido, en resposta a don Xan Cebro, cualifica de interesantes as comparativas amosadas para xustificar a petición de máis persoal, pero advirte que deben estar soportadas por índices de eficiencia. Así mesmo lémbrale que dende o Consello Social sempre se eloxiou a xestión económica dos anteriores equipos de goberno, que el mesmo ratifica durante a intervención. No mesmo ton exprésase don Gustavo Izquierdo, para quen os cocientes son importantes e pódense facer do que se queira, pero pregúntase se se están a ter en conta os indicadores e as tendencias do alumnado á baixa "porque hai que ensamblalo todo".

- **O Pleno dá a súa aprobación**

#### **PUNTO 6**

*Petición de informe xurídico sobre a legalidade do abono de complementos específicos nas pagas extras do PDI, correspondentes aos exercicios 2007, 2008 e 2009.*

Don José María Martín Moreno resume en que consiste a paga extra e como se conforma. Presenta o informe xurídico que lle foi solicitado na Comisión Económica, elaborado por PWH/Landwell, no que se declara axustada a Dereito a resolución da UVigo acordando incluír na paga adicional do complemento específico de decembro de 2018 o 50 % do compoñente por méritos docentes. Don Jesús Graña amosa a súa conformidade e aclara que dende a Comisión Económica só se pedía respaldo legal e xurídico a que a medida era correcta.

- **O Pleno amosa a súa conformidade**

#### **PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da aceptación da doazón do pintor Alejandro Cabeza á UVigo do cadro "Retrato de Ramón María del Valle-Inclán".*

Explica a xerente, dona Raquel M. Souto, que se trata dunha doazón sen cargo nin gravame para a UVigo. Resume as características da obra. Dona Elvira Larriba pregunta se hai un inventario histórico-artístico e se está asegurado. Aclara don Rodrigo Cerviño afirmativamente, se ben matiza que non está diferenciado como tal no conxunto do patrimonio.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

#### **PUNTO 8**

*Aprobación, se procede, da aceptación da doazón de equipos de investigación de Endesa, S.L. á UVigo.*

Novamente a xerente informa do procedemento, dos bens doados e das vantaxes da aceptación da doazón por parte da UVigo. Tamén explica que os equipos están amortizados e libres de calquera gravame de natureza real.

- **O Pleno dá a súa aprobación**



### **PUNTO 9**

*Ratificación, se procede, da proposta de elección dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa sobre procedementos e sistemas.*

Intervén don Rodrigo Cerviño lembrando a obriga da empresa auditora de proporcionar unha auditoría operativa complementaria á auditoría de contas anual. Neste senso informa da proposta da Comisión Económica de analizar os procedementos (solicitude, tramitación e xustificación) dos gastos en proxectos internacionais de cooperación educativa. Argumenta que é unha actividade crecente que se vai ampliando xeograficamente, e que sería convinte desenvolver ese crecemento con garantías, e que este é o momento de poñer os medios agora que aínda ten un volume razoable.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

### **PUNTO 10**

*Informe sobre os convenios asinados pola UVigo en outubro e novembro.*

- **O Pleno dáse por informado**

*Introduce o Reitor os puntos 11, 12 e 13 emitindo unha declaración expresa que se estende sobre a importancia de que os equipos de investigación acaden o nivel de poder crear estas empresas para crecemento do entorno. Pide a aprobación en cada caso e subliña que a maior parte das empresas creadas ao carón da universidade teñen índices de supervivencia superiores á media, ademais de que responden a demandas do mercado e portan valor.*

### **PUNTO 11**

*Informe previo que proceda para a creación da empresa "Ancora" como EBT da UVigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables se fose o caso.*

Oído o Reitor e vista a proposta da Comisión Económica e a documentación que se achega, o Pleno ACORDA:

- **Emitir informe favorable**

### **PUNTO 12**

*Informe previo que proceda para a creación da empresa "EM3W" como EBT da UVigo, autorización para a participación no seu capital social, e contraprestacións aplicables se fose o caso.*

Resume don Manuel Reigosa as circunstancias e aspectos máis destacados. Consultados os asistentes polo presidente, o Pleno ACORDA:

- **Emitir informe favorable**

### **PUNTO 13**

*Acordo que proceda sobre a proposta de modificación do capital social e da correspondente participación da UVigo na EBT "Alen Space".*

Retoma de novo a palabra o Reitor para explicar que se propón esta modificación porque precisase subir un banzo dado o éxito acadado neste campo da industria Aeroespacial pola UVigo, e máis concretamente polos integrantes desta empresa que proceden desa agrupación e formaron parte do equipo que creou os catro satélites lanzados ata o de agora pola UVigo, e converteranse en sete ao longo de 2019. O Pleno ACORDA:

- **Emitir informe favorable**



#### **PUNTO 14**

*Información sobre a Oferta de emprego público do PAS da UVigo para o ano 2018.*

Informa a xerente, dona Raquel M. Souto, da conta da desagregación das 25 prazas para o persoal de administración e servizos (a metade de acceso libre), correspondentes á taxa de reposición, estabilización de emprego, promoción interna independente e de persoal indefinido non fixo. Argumenta as razóns polas que se promove a convocatoria e o procedemento que se está a seguir. Agradece a aportación feita polas centrais sindicais durante as negociacións.

- **O Pleno expresa a súa conformidade**

#### **PUNTO 15**

*Asignación de complementos retributivos adicionais a profesores por cargos de xestión e por recoñecemento da excelencia curricular. (Convocatoria 2017). Rectificación e resolución da ACSUG.*

Á vista da comunicación remitida polo Reitor, así como da rectificación de oficio dunha resolución da ACSUG por cargos de Xestión, e dunha resolución da propia ACSUG do complemento por recoñecemento da excelencia curricular, (en ambos casos correspondentes á convocatoria de 2017), O Pleno ACORDA:

- **Ratificar o acordo de asignación**

#### **PUNTO 16**

*Orzamento do Consello Social para o exercicio 2019.*

- **Apróbase por asentimento**

#### **PUNTO 17**

*Aprobación, se procede, das liñas xerais do Plan de actuacións a desenvolver polo CS en 2019.*

Repasa o presidente algún dos aspectos que se recollen na documentación entregada aos membros, na que se recollen as liñas principais e unha relación de actividades de interese para procurar o seu desenvolvemento dende o Consello Social.

- **O Pleno dá a súa aprobación**

#### **PUNTO 18**

*Rogos e preguntas.*

Pregunta don Manuel González como se prevén resolver as liortas entre profesorado e departamentos respecto á docencia, que chegan nalgúns casos a procesos xudiciais. O Reitor anuncia unha normativa e un desenvolvemento regulamentario a partir dos novos Estatutos da universidade, que permitirá aplicar criterios claros.

Dona M<sup>a</sup> Elena Añel solicita que se envíe con máis antelación a documentación que precise maior tempo de consulta, e pide así mesmo que se manteña o envío por correo postal da orde do día e a acta anterior. Dona M<sup>a</sup> Elvira Larriba bota en falta a presenza de máis persoal da UVigo para atender as instalacións propias en determinadas feiras e actos públicos.

Don Antonio Macho consulta que ten previsto facer a UVigo nas instalacións da ETEA. O Reitor informa que, tendo en conta que o emprendemento irá á Zona Franca, dedicaranse a módulos de investigación con especial atención a temas mariños, ademais de acoller a Universidade de Verán. Ábrese neste intre unha rolda de intervencións sobre a posta en marcha de estudos de Humanística, entendendo que Vigo adocece desa formación de desenvolvemento persoal. Sublíñase a oportunidade de que egresados e Erasmus achéguese e coñezan a cultura do sitio onde se atopan, e a importancia de que haxa un departamento de actividades socioculturais que aporte esa formación humanística,



que poida ser ampliada ao entorno mediante charlas e conferencias que poida aproveitar a sociedade. Don Manuel González, don Oscar Moldes e don Emilio Fernández converxen nesta necesidade dende diferentes ópticas, avogando este último por redobrar esforzos para que fragüe a conexión e o aproveitamento mutuo entre a universidade e a sociedade.

Nunha última reflexión, don Manuel Reigosa afirma que toma nota, e declara que unha universidade plena ten que ter en conta ás humanidades. Nese sentido anuncia que a primeira iniciativa da Universidad de Verán será unha semana dedicada ao pensamento contemporáneo, para falar de asuntos de calado filosófico. Apunta tamén o Reitor o obxectivo de intensificar a comunicación do que se fai, ca creación dunha Unidade de cultura científica dentro da Vicerreitoría de Comunicación, para que se informe á sociedade de todo o que se fai nos centros e nos laboratorios. Pronúnciase finalmente respecto ás alianzas con outras institucións "sen mirar a cor política", con exemplos de colaboración que se están a producir, e remata agradecendo que se nos comuniquen as eivas que se detecten.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:50 horas do 27 de decembro de 2018, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº e pr.,  
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias